

**INSTRUCCIÓN CONXUNTA DA DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, POLA QUE SE ESTABLECE O PROTOCOLO OPERATIVO EN MATERIA DE TRASLADOS DE NENOS, NENAS E ADOLESCENTES.**

A coordinación e colaboración entre as administracións públicas, entidades colaboradoras e servizos competentes, tanto públicos como privados, é necesaria para garantir os dereitos da infancia e procurar unha atención integral ante as posibles situacións de desprotección dos nenos, nenas e adolescentes (en diante, NNA). Esta coordinación e colaboración realizarase mediante procedementos que establezan as actuacións daquelas persoas profesionais que teñan que intervir nas situacións de vulnerabilidade.

Neste ámbito debe terse en conta que os NNA teñen dereito a que o seu interese superior sexa valorado e considerado como primordial en todas as accións e decisións que lles concirnen, tanto no ámbito público como no privado.

Non se poden esquecer, ademais, as obrigas de calquera autoridade e servizo público de prestar a atención inmediata que precise calquera menor, de actuar se corresponde ao seu ámbito de competencias ou de dar traslado, en outro caso, ao órgano competente e poñer os feitos en coñecemento dos representantes legais dos NNA ou, cando sexa necesario, da entidade pública ou do Ministerio Fiscal. Tampouco se pode esquecer que, en caso de urxencia, esta actuación non esta suxeita a requisitos procedimentais nin de forma, e se entende en todo caso sen prexuízo do deber de prestar aos NNA o auxilio inmediato que precisen.



Tendo en conta o anterior, no ano 2007, a Secretaría Xeral do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Dirección Xeral de Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aprobaron un documento operativo en materia de NNA. Non obstante, a experiencia derivada da aplicación deste procedemento operativo inicial, así como o feito de ter que enfrontarse a novas situacións non previstas neste, determinan a necesidade de establecer un novo protocolo operativo en materia de NNA, que teña como un dos seus obxectivos evitar a posible vitimización dos NNA polas consecuencias prexudiciais para estes dunha xestión non programada da acción protectora e dos sistemas que nela participan.

Na actualidade, de conformidade co Decreto 124/2022 de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, o exercicio da tutela e protección dos NNA que estean en situación de risco ou desamparo de acordo co establecido na Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil, así como a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da Responsabilidade Penal dos menores e no seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo.

Por outra banda, de conformidade co Decreto 117/2022 de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, correspóndelle á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, exercer a xefatura dos servizos de seguridade; a proposta e execución dos plans de seguridade da Comunidade Autónoma, así como a elaboración e proposta dos plans e proxectos de actuación, xestión e planificación operativa dos servizos policiais adscritos á Dirección Xeral. Tamén lle corresponde a planificación, xestión e distribución dos recursos humanos e materiais destinados á seguridade da nosa comunidade autónoma.





No ano 1991 creouse a Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (en diante, UPA), que ten unha dependencia funcional da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e orgánica do Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral da Policía dependente da Secretaría de Estado de Seguridade. Esta policía actúa baixo o mando dos seus xefes orgánicos e cumpre as ordes e directrices das autoridades competentes da Xunta de Galicia ante as que rende conta das súas actuacións. De conformidade co artigo 38 da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, a UPA ten atribuídas, entre outras, as seguintes funcións:

- Velar polo cumprimento das disposicións e ordes singulares ditadas polos órganos da Comunidade Autónoma.
- A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma e dos seus entes instrumentais.

Con base no sinalado anteriormente e en virtude das competencias que teñen atribuídas a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, en materia de NNA e a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, en materia de seguridade, dítase esta Instrución conxunta:

### **Primeiro.- Obxecto**

O obxecto desa Instrución conxunta é establecer o protocolo operativo das actuacións da UPA e do persoal da Consellería de Política Social e Xuventude, en materia de traslados de NNA, para o axeitado cumprimento da normativa sobre execución das medidas, os actos ou as resolucións xudiciais e administrativas derivadas tanto da Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores e no seu regulamento aprobado polo Real



Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, así como da atención a NNA que se atopen en situacións previstas na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

### **Segundo.- Condicións xerais a todos os traslados.**

- a) O traslado dos NNA, realizarase na forma máis amable posible, con respecto e garantía dos seus dereitos, sendo informados dunha maneira adecuada, comprensible e adaptada ás súas circunstancias.
- b) Procurarase realizar os traslados en vehículos sen distintivos policiais e con persoal non uniformado, salvo que as circunstancias do caso e a dispoñibilidade de recursos non o permitan.
- c) Deberán tomarse as medidas de seguridade necesarias e proporcionais á situación, con arranxo á natureza das circunstancias persoais do menor, especialmente nos casos de delitos violentos, sexuais ou terroristas.
- d) Cando a vida dos NNA corra perigo ou cando a súa integridade física ou psicolóxica se encontren gravemente comprometidas, a actuación policial implicará unha función protectora, máis alá da notificación do caso detectado.
- e) Cando se solicite á UPA a colaboración para o traslado en materia de protección dun NNA, e este se realice nun vehículo policial, os NNA irán acompañados dentro do vehículo policial, por persoal especializado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social e Xuventude ou da residencia onde se atopen ou, no seu caso, da residencia de recepción de destino dos NNA, sempre que exista persoal dispoñible sen alterar o correcto funcionamento dos servizos.



f) Por seguridade, tanto de NNA coma do persoal policial, evítanse no posible os traslados ou reintegros de NNA en horas nocturnas e a grandes distancias. Para este fin, utilizaranse as unidades de primeira acollida habilitadas en centros das provincias de Ourense, A Coruña e Pontevedra, de acordo coas instrucións que se emitan á Liña de infancia dende a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

### **Terceiro.- Actuacións con NNA suxeitos a responsabilidade penal.**

**a) Desprazamentos, conducións e traslados:** A participación da UPA prodúcese, cando sexa precisa a súa colaboración, distinguíndose os seguintes supostos:

- Para posibilitar o cumprimento das resolucións xudiciais de internamento en centros: o persoal da UPA trasladará aos NNA aos centros asignados dende o lugar onde se atopen (xulgado, dependencias das forzas e corpos de seguridade, domicilio, etc.).
- Para efectuar os desprazamentos, conducións ou traslados de NNA entre os centros: a intervención da UPA realízase a solicitude dos directores dos centros ou das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude. Nestes casos, sempre que sexa posible, entre os directores dos centros e a sede da UPA que realice o traslado, coordínase o servizo de forma que este se faga con arranxo á dispoñibilidade de persoal e vehículos.
- Para trasladar aos NNA suxeitos a medidas xudiciais que se atopen ingresados en centros, a aquelas outras dependencias ás que teñan que acudir (hospitais, centros de saúde, xulgados, etc.): A solicitude de colaboración da UPA será rea-



lizada polo director do centro ou polas Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude.

**b) Custodia:** O persoal da UPA custodiará aos NNA durante a súa estadía en dependencias sanitarias ou noutras situacións nas que permanezan fóra do seu centro de internamento, sen prexuízo da coordinación que se estableza co persoal sanitario ou con calquera outro que teña ao seu cargo as dependencias nas que se atope o NNA.

Neste caso, deberase ter en conta o seguinte:

1. Cando se atope nun servizo de urxencias hospitalarias estará acompañado en todo momento por un educador/responsable do centro, quen será o encargado de relacionarse co persoal sanitario en relación co estado do NNA. Non se permitirán as visitas de familiares nin o acceso ao teléfono ou a outro tipo de material electrónico mentres sexa atendido en urxencias. Non se lle facilitará ao NNA comida, bebida nin outro obxecto que non sexa autorizado polo persoal sanitario e coa supervisión dos policía que o custodian.
2. Cando se atope ingresado nunha habitación hospitalaria deberá estar acompañado por un educador/responsable do centro en todo momento. En horario nocturno poderase prescindir desta presenza, pero facilitaranlle aos policía de custodia un número de teléfono por si fora necesaria a súa presenza. As visitas estarán autorizadas polo director do centro, quen deberá informar por escrito aos responsables da custodia, da filiación e grao de parentesco co NNA custodiados. Asemade, as visitas estarán informadas de que o NNA está baixo custodia policial e de que esta custodia poderá identificar ou cachear aos visitantes. Tamén serán informados de que non lle poderán facilitar comida, bebida ou calquera outra cousa sen autorización dos responsables da custodia.



3. Cando se atope retido en instalacións policiais, esta retención efectuarase en espazos con condicións físicas axeitadas, evitando o seu contacto con detidos maiores de idade

En todo caso, na custodia dos NNA respectarase escrupulosamente os seus dereitos e ao rematar a custodia informarase á Fiscalía de Menores do acontecido.

**c) Localización e reintegración:** O persoal da UPA colaborará no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia na localización e reintegración dos NNA fugados ou non retornados aos seus centros.

#### **Cuarto.- Ingreso de NNA por procedemento de urxencia.**

Naqueles casos en que a intervención protectora da policía se vexa comprometida pola urxencia da situación, e a súa mediación cos NNA implicados requira unha atención inmediata para establecer un entorno seguro e estable, durante dita intervención as Unidades da UPA actuarán da seguinte forma:

a) Naqueles situacións de desprotección detectadas nas que existan necesidades médicas urxentes que resolver (lesiões físicas, grave negligencia ou sospeita de abuso sexual), procederán a realizar o acompañamento do NNA ao centro hospitalario ou de saúde, para que sexan atendidos á maior brevidade, sempre que se desprenda dos feitos coñecidos que existe un posible ilícito penal cara á NNA e seguindo sempre as instrucións da Unidade Orgánica de Policía Xudicial que por demarcación corresponda, Policía Nacional ou Garda Civil, no seu caso, cando estas non poidan acudir, elaborando o correspondente informe de incidencias, posteriormente.



Asemade, se a situación o require poderá solicitar a presenza e intervención do persoal sanitario no mesmo lugar onde se deu a urxencia.

Posteriormente, cando non se atopen aos proxenitores do NNA ou ás persoas que teñen encomendado o seu coidado, consultarase co Técnico do Menor o seu traslado ao recurso que este equipo considere adecuado.

b) Naqueles traslados, nas que o NNA non requira unha atención médica inmediata, pero si unha acción protectora e de amparo das institucións públicas, a UPA procederá a acompañalos, segundo os seguintes criterios:

- No caso de desprotección consecuencia directa da desatención dos proxenitores ou persoas que teñen encomendado o seu coidado, o traslado realizarase seguindo as instrucións do Teléfono da Infancia (116111) ás Unidades de Primeira Acollida determinadas de referencia.

- No caso de NNA que presenten situacións de conflito paterno filial ou outras circunstancias que poidan supor un risco para o resto de NNA en acollemento residencial, o traslado realizarase pola UPA á Unidade de Primeira Acollida de Barro (Pontevedra) no momento en que sexa posible efectualo.

#### **Quinto.- Reintegro de NNA que se ausentaron sen permiso do fogar ou residencia.**

Cando os membros das Forzas e Corpos de Seguridade localicen a NNA que se ausentou sen permiso do fogar ou residencia de protección na que reside, procederán a comunicar a súa localización a dito fogar ou residencia.





O acompañamento do NNA ao fogar ou residencia no que se encontra acollido e do cal se ausentou, realizarase cando sexa posible, pola persoa de maior confianza para o menor, membro do equipo técnico da residencia.

No seu defecto, se fose posible, poderá acudir outra persoa que forme parte do mesmo equipo. A persoa que vaia a recollelo, se dirixirá ás dependencias onde se atope a persoa protexida, para proceder ao seu acompañamento á residencia ou fogar.

Naqueles casos en que se dean circunstancias que poidan comprometer o retorno ao fogar ou residencia do NNA, poderá requirirse a participación da UPA no traslado, a pesar da presenza de persoas de confianza para os NNA protexidos

Con carácter excepcional e cando por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas a través dun informe motivado, non se dispoña de persoal técnico suficiente para realizar o desprazamento ás dependencias onde se atope a persoa protexida e proceder ao seu acompañamento á residencia ou fogar e, ao mesmo tempo, prestar a atención adecuada ao resto de NNA do recurso de protección, poderase solicitar a intervención destas unidades da UPA para o seu traslado, seguindo na medida do posible as condicións máis amables para a persoa protexida.

#### **Sexto. Ingreso ou traslado de NNA a residencias específicas por problemas de conduta.**

Cando se trate de ingresos de NNA en residencias específicas por problemas de conduta, diferéncianse dous supostos:



a) Unha vez sexa aprobado pola Entidade Pública de Protección o ingreso neste tipo de residencia, o acompañamento do NNA realizarase por parte da persoa de maior confianza para este, sempre que sexa posible.

Cando, de xeito excepcional, se trate da primeira medida de protección que se tome con relación ao menor, será unha persoa familiar ou achegada quen o acompañe. Se isto non é posible, desprazarase persoal dos servizos sociais de atención primaria que interviñeran no plan de intervención familiar do menor, e que teñan boa relación coa persoa menor de idade. No seu defecto, será o persoal da unidade de execución de medidas de protección ou outro persoal especializado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social e Xuventude, quen se fará cargo de dito acompañamento.

Cando se trate dun traslado entre recursos de protección, se fose posible será a persoa de maior confianza para a persoa protexida do fogar ou residencia onde estaba acollido, quen realice o acompañamento. Isto, sen prexuízo, de que a dirección de dito fogar ou residencia participe deste traslado.

b) Excepcionalmente, ante a presenza de axitación emocional que impida que o ingreso do NNA se poida levar a cabo de forma segura, unha vez aprobado este pola Entidade Pública de Protección, se solicitará a intervención da UPA, así como dos servizos sanitarios, se procede, para que se garanta que o traslado da persoa protexida sexa efectivo, seguindo, na medida na que as circunstancias o permitan, as condicións establecidas no apartado segundo deste protocolo.

No caso de que para atender esta situación excepcional sexa necesaria a presenza dos servizos sanitarios non procederá o traslado do NNA ao centro de protección ata que non sexa dado de alta polos servizos sanitarios.



No caso excepcional de que se trate da primeira medida de protección que se tome con relación ao NNA, a intervención policial no traslado irá acompañada da presenza dunha persoa familiar ou achegada, sempre que iso resulte en beneficio do interese superior da persoa protexida.

A valoración da oportunidade da presenza de persoal técnico dun ou doutro departamento no traslado, ademais da presenza policial, realizarase de forma conxunta con esta.

Cando se trate dun traslado entre recursos de protección, a intervención policial no acompañamento á residencia para problemas graves de conducta irá acompañada da persoa de maior confianza para a persoa protexida do fogar ou residencia onde estaba acollido, sempre que iso resulte en beneficio do interese superior do NNA. Isto, sen prexuízo, de que a dirección de dito fogar ou residencia participe deste traslado.

### **Sétimo. Resto de actuacións de protección ou tutela de NNA**

En materia de protección de NNA en situación de risco ou desamparo, competencia da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, consonte ao establecido na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, e o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que refunde a normativa en materia de familia, infancia e adolescencia, a UPA realizará as seguintes actuacións:

- a) Prestar apoio policial nas actuacións que realice o persoal técnico dos equipos do NNA das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude nas que poida existir conflitividade ou perigosidade, tales como entrevistas ou visitas domiciliarias cando exista oposición dos pais, os titores ou os gardadores.



- b) Poñer en coñecemento de xeito inmediato da respectiva Xefatura Territorial da Consellería de Política Social e Xuventude, aqueles supostos nos que se teña coñecemento da existencia dun NNA en situación de risco ou desamparo.
- c) Proporcionar, a solicitude dos equipos técnicos do NNA da Consellería de Política Social e Xuventude, a atención axeitada aos NNA que se detecte que se atopan en situacións de risco ou desamparo.
- d) Auxiliar aos equipos técnicos de NNA das Xefatura Territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude na retirada de NNA do seu domicilio, amparada na correspondente resolución xudicial, cando exista oposición dos pais, dos titores ou dos gardadores.
- e) Localizar e reintegrar, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, aos NNA fugados dun recurso de protección ou non retornados aos centros.
- f) Emitir os informes policiais que sexan requiridos polas Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude, sobre a localización de enderezos, as actividades familiares, as situacións de risco e sobre outras situacións nas que se vexan afectados os NNA.
- g) Calquera outra que, ao abeiro da interpretación desta instrución, se decida asumir polas partes asinantes.

#### **Oitavo. Comisión Técnica.**

Co obxectivo de velar polo cumprimento desta instrución e resolver as cuestións administrativas e operativas que resulten da súa execución, constituirase unha Comisión Técnica, que estará integrada por dous representantes da Dirección Xeral



de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e outros dous representantes da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, designados polas persoas titulares destas Direccións xerais, respectivamente.

#### **Noveno. Publicidade, información, asesoramento técnico e formación.**

Esta instrución publicarase no Portal de transparencia e goberno aberto, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na páxina web das correspondentes consellerías.

Así mesmo, os dous departamentos realizarán accións conxuntas de divulgación, información, asesoramento técnico e formación cara a un axeitado cumprimento das actuacións recollidas nesta instrución.

#### **Décimo. Eficacia.**

Esta instrución conxunta aplicarase a partir do día seguinte ao da súa sinatura.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O director xeral  
de Emerxencias e Interior

O director xeral de Familia,  
Infancia e Dinamización Demográfica

Santiago Villanueva Álvarez

Jacobo José Rey Sastre

